

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 26 de maio de 2016

ACTA Núm. 5/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de maio do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

ORDE DO DÍA

A.- .- Parte Dispositiva.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.04.2016).

2.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 6 DE MAIO DE 2016 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS EN BAÑO 2ª FASE. PARROQUIA DE SERRES” INDLUÍDO NO PAS/2015.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POPULAR SOBRE TRABALLOS A REALIZAR NA PARROQUIA DE TAL E NA PREPARACIÓN DA TEMPADA DE VERÁN.

4.- APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (Ref. 02/2016).

5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

6.-DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

7.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

8.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- .- Parte dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.04.2016).

A portavoz popular di que na súa opinión a acta non é fiel reflexo do que aconteceu na sesión plenaria, polo menos, no que ás súas Intervencións se refire. E explica as diferentes Intervencións que non recolle.

A Sra. alcaldesa pregunta se lles parece ben deixar constancia nesta acta dos comentarios do Pleno anterior .

A Sra. Monteagudo propón enviar por correo electrónico ao secretario para que este o valore e para incluílo na acta anterior.

A Sra. alcaldesa di que se é moito o que hai que cambiar que poden deixar a acta enría da mesa para aprobar na seguinte sesión.

A Sra. González, voceira do Grupo Socialista, di que está de acordo en deixala pendente.

O voceiro do BNG, o Sr. García, di que efectivamente hai cousas que non están recollidas como eles dixeron pero que o importante da acta é que recolla os acordos que se adoptaron. Que o debate queda feito e non cre que a acta teña que recoller literalmente palabra por palabra.

A Sra. Monteagudo di que literalmente non ten que recoller o debate pero que tampouco recolle o sentido xeral das súas Intervencións e que pensan que era mellor deixala enría da mesa.

A Sra. González pensa que a acta é a que dá fe do que acontece no Pleno.

A Sra. alcaldesa pide aos grupos que manden por correo electrónico ao secretario o que consideran que hai que cambiar. Que a acta ten que reflectir os acordos pero tamén ten que quedar claro nela o sentido do debate.

Acordo: Queda pendente de aprobación na seguinte sesión plenaria a acta correspondente á sesión do 28 de abril de 2016.

2.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 6 DE MAIO DE 2016 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS EN BAÑO 2ª FASE. PARROQUIA DE SERRES” INDLUÍDO NO PAS/2015.

Antes de dar paso ás Intervencións, a Sra. alcaldesa explica que o proxecto do PAS do 2015 “Mellora das infraestruturas hidráulicas en Baño, 2ª fase” xa está aprobado no Pleno da Deputación tamén e que o que aconteceu foi que cando chegou aos servizos de Intervención da Deputación, requiriron a ratificación do acordo no Pleno. Que o que se modificou no proxecto, que xa se comentou na Comisión informativa, que non se cambia nada da obra, que simplemente é aumentar a información que había no proxecto.

Primeira Intervención:

A Sra. Monteagudo di que entenden que as modificacións se refiren a cuestións técnicas e a completar algunhas partidas e que non teñen nada máis que comentar. Reiteran o voto a favor que xa manifestaron na Comisión.

A Sra. González di que non é certo o que dixo a Sra. alcaldesa, que o concelleiro de Obras explicou na Comisión informativa que se chegou a un acordo entre os técnicos da Deputación e do Concello para non facer o estudo xeotécnico. Que esperan que lle sirva a Deputación porque non hai estudo xeotécnico feito. Que a Sra. alcaldesa fala dunha chamada pero hai un requirimento de febreiro e que se debería ter levado ao primeiro Pleno pero que se leva ao Pleno de maio. Que segundo explicaron foi debido a que estiveron negociando. Pide dilixencia ao grupo de goberno porque teme que sexa motivo de encontrar calquera outro atranco.

O Sr. García, entende que as modificacións son as esixidas pola Deputación para aprobar a subvención e se o modificado se axusta ao esixido que non hai máis que comentar.

Intervén o Sr. Quintela e explica que requirimento de febreiro foi contestado, e logo das conversar mantidas coa Deputación, que entenderon que non era necesaria a aprobación da modificación do proxecto. Que de feito está aprobado polo Pleno da Deputación. Que o pediron unha vez chegou o proxecto a Intervención, pero que modificado en si non hai, que hai uns anexos.

Na segunda intervención os distintos grupos non teñen nada que engadir.

Votación: unanimidade.

Acordo:

O Pleno da Corporación ratifica o acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de maio de 2016 de aprobación da modificación do proxecto “Mellora das infraestruturas hidráulicas en Baño 2ª fase. Parroquia de Serres”, incluído no PAS/2015.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POPULAR SOBRE TRABALLOS A REALIZAR NA PARROQUIA DE TAL E NA PREPARACIÓN DA TEMPADA DE VERÁN.

Le a moción a Sra. Uhía Patiño:

“A voceira do grupo popular municipal do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo popular, preséntalle ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai varios meses vimos recibindo queixas veciñais polo deficiente funcionamento dos servizos municipais, con problemas en servizos básicos como a recollida de lixo, a iluminación pública, o retraso na apertura da piscina, a falta de mantemento en vías e espazos públicos, etc. Como podemos observar con só dar unha volta polos lugares e parroquias de todo o concello os problemas vanse acumulando, sen que dende o goberno municipal se lle dea remedio.

A estas alturas de ano seguimos sen orzamento, o que está impedindo que se acometan investimentos moi necesarios e que se dea cumprimento aos acordos plenarios, como o relativo ao acondicionamento do cemiterio da Atalaia. A falta de dilixencia e planificación na prestación dos servizos municipais fai que o que eran “problemiñas” se convertan en “problemóns”, como a acumulación de residuos en varios puntos do concello, que está a producir un “efecto chamada” entre a veciñanza, que de boa fe, pensa que toca recollida de aparellos.

O malestar que estas situacións están a producir entre a veciñanza e visitantesponse de manifesto en queixas e comentarios de todo tipo, que non se poden ignorar.

Imos centrar as nosas propostas neste sentido, por un lado, na situación da parroquia de Tal, e por outro na preparación da tempada de verán.

Unha vez que se acometeu a ampliación do cemiterio de Tal, faise máis evidente a necesidade de acondicionar a praza da Igrexa, procedendo polo menos á retirada do palco. Tamén a área de Cabanas da mostras de abandono e falta de mantemento, cóstanos ademais que se teñen solicitado o acondicionamento de camiños sen que se lle dea resposta dende o goberno municipal.

Tamén queremos destacar a necesidade de planificar as actuacións previas cara o verán. Estamos xa a finais de maio, e nestes días de sol a situación dos nosos espazos naturais resulta máis chamativa se cabe. A maleza e o deterioro do mobiliario urbano, a acumulación de residuos en zonas verdes e praias, ademais de resultar molesta para os nosos veciños ofrece unha imaxe do noso concello que non imos mellorar por moito que se financien reportaxes e vídeos, aínda que sexa con 5000 euros, e a periodistas internacionais, como nos dixo a Sra. alcaldesa no último Pleno.

Se ben é certo que o Concello non conta aínda co persoal de reforzo que se contrata cara ao verán, dada a proximidade destas contratacións, e coa finalidade de optimizar os recursos cos que se vai contar, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

-Que se proceda á retirada do palco de cemento da praza da igrexa de Tal, e se acondicione o espazo para goce da veciñanza e visitantes.

-Que por parte do goberno municipal se presente no próximo Pleno unha planificación de limpeza de espazos verdes e praias, que teña en conta todas as parroquias do concello, sinalando actuacións previstas, recursos a empregar, periodicidade das actuacións, e persoal asignado.

-Que se habiliten e sinalen aparcamentos alternativos nas zonas de máis afluencia de usuarios/as e visitantes, pero especialmente nas zonas de praia de Esteiro (Prameán), Tal (Cabanas), Abelleira (Ventín), Muros, e Louro (San Francisco e Acoradoiro).

-Que se elabore un plan vial con trazados alternativos para os días máis conflictivos do verán.”

Intervén a Sra. Monteagudo e di que a exposición de motivos e unha voltíña polo concello son motivos suficientes para xustificar a moción.

Que no que se refire á parroquia de Tal responde ás demandas da veciñanza e a retirada do palco non é por cuestión estética, senón de seguridade. E que a necesidade de elaborar un plan de traballo, de limpeza e mantemento, que coinciden co BNG nas súas reiteradas preguntas nos últimos meses sobre a conveniencia de elaborar un Plan de traballo de mantemento de espazos públicos. Pero que logo de ver a incapacidade do Goberno para facelo, lles parece que se debería intentar facer un plan menos ambicioso pero necesario que é ter a punto os recursos máis emblemáticos que temos de cara ao verán para goce da veciñanza e visitantes.

Que se, como se lles dixo na Comisión, se está xa a traballar nestes temas, que non parece moi comprensible que se rexeite a moción.

A Sra. González expresa o seu total acordo coa proposta do Partido Popular pero debido a que se fixeron un lote de acordos plenarios que non se cumpren que non cren que se vaia a cumprir. Anuncia o seu apoio á moción do Partido Popular.

O Sr. García recorda que efectivamente no Pleno de extraordinario de agosto presentaron o rogo: *rogamos ao goberno que maneira urxente elabore un Plan de mantemento de mantemento xeral para rematar coa improvisación que nos últimos anos derivou nun pésimo mantemento das instalacións e dos espazos públicos, que inclúa o mantemento e a limpeza de todas as instalacións de titularidade pública a cargo do concello e dos espazos públicos (parques, praias, estradas, camiños...).*

Que no último Pleno desta corporación a portavoz popular criticou o labor do BNG por estar facendo o traballo do concelleiro de Obras (a pesar de que non viña recollido na acta, que tampouco necesitan que estea recollido por escrito), polo que os convidada a formar parte da Comisión de Goberno. Que a súa resposta, que apelaba á coherencia política á hora de facer oposición dun xeito positivo na procura do ben común da cidadanía sen que sexa necesario formar parte de ningún órgano de goberno, suscitou o riso dalgúns/as membros da bancada popular. Que porén, máis alá da primeira reacción de incredulidade, que o seu argumento debe de calar na conciencia do grupo municipal popular, xa que só uns días despois a súa portavoz presentaba no Rexistro de entrada esta moción que pretende facer o traballo do concelleiro de Obras sen necesidade de que o PP forme parte da Xunta de Goberno Local.

Que no BNG se alegran de ser de utilidade e poder ensinar a facer oposición aos demais grupos da oposición.

Que están a favor de todo o exposto na moción xa que os puntos dos acordos coinciden coa súa reivindicación histórica de que se elabore un plan xeral de mantemento no que se organicen todas esas actuacións.

Que no caso concreto do plan vial que van máis alá e queren aproveitar esta moción para reivindicar un dos seus puntos programáticos que é a necesidade de crear unha circunvalación que conecte o polígono de Ventín directamente con Louro para evitar os colapsos diarios que sofre a estrada ao seu paso pola vila, na tempada estival.

Que con respecto aos outros dous puntos, que están de acordo coa retirada do palco de Tal se é a mellor solución. Que ao mellor tamén se podía valorar a posibilidade de rehabilitalo. Que no tema dos aparcamentos nas praias que a moción queda bastante curta porque hai bastantes problemas, pero que é un bo punto de partida.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que supón que o Sr. García non necesita que lle explique cal é a diferenza entre unha pregunta e unha moción. Que cre que son cousas nas que todos e todas están de acordo e non merece a pena facer sangue en esas cousas que son tan evidentes. Que recoñece que o Sr. García preguntou varias veces polo tema e que eles van un pouco máis alá e presentan unha moción para que se faga.

Que non lle parece unha cousa tan extraordinaria que non se poida facer no prazo dun mes, que pensa que é necesario. Que unha vez que a xente se incorpore a traballar que teña unha programación clara e ordenada. Que tamén valería para contestar ás demandas veciñais.

Que agradece o apoio de todos e todas porque entende que recoñecen a necesidade e piden que se leve a cabo.

A Sra. González di que eles non van facer oposición da oposición. Que fan oposición ao grupo de goberno. Que é unha novidade para ela o que fai o BNG pero que están para aprender. Que todo que sexa debater está ben pero que lle dá a razón ao grupo popular.

Que están de acordo coa moción, que as necesidades son todas desde que entrou este grupo de goberno porque non se fixo nada. Que lle farían falta moitísimos folios para dicir cales son as iniciativas que terían que levar e polo menos darlle unhas liñas para que souberan por onde teñen que empezar porque non o teñen moi claro. Pero que aínda que só fora a proposta do Partido Popular a que se levara a cabo que lles parecía fenomenal pero que confían cero, porque de momento non se fixo absolutamente nada.

Que a van votar a ver se así se senten vinculados dalgunha maneira.

O Sr. García contesta á voceira socialista e dille que o Pleno é un espazo de debate, que ela di que están para aprender pero pensa que o mellor os que teñen que aprender a debater son outros/as que levan moito tempo na política e aínda non tiveron tempo de facer un debate con ninguén.

Continúa dicindo que apoian a moción e que non é facer oposición da oposición, senón poñer en valor a súa práctica política que é totalmente coherente dende o minuto un, na que eles estaban esixindo unha serie de actuacións (unhas veces máis concretas e outras máis xerais), e que por iso se lles acusou de estar a facer o traballo do grupo de goberno e que agora esta moción vén a facer o mesmo que o que eles facían cos rogos e preguntas.

Que como di a voceira popular, unha pregunta non é o mesmo que unha moción e que por iso esa moción se quede moi curta, que debería ser un plan moito máis xeral e moito máis completo.

Que eles están, non para facer o traballo do goberno, senón para esixir que o goberno faga o seu traballo e para facer oposición en positivo. Que cre que non se fixo nunca e quen levou moito tempo gobernando e tamén lle tocou facer oposición que tamén pode aprender un pouquiño das novas prácticas.

Intervén a Sra. alcaldesa e di que o se grupo se alegra que o Partido Popular presente unha moción dese tipo, que botaban en falta ese tipo de mocións en positivo dalgúns grupos da oposición e que se alegran tamén de compartir ideas e programa.

Que xa comentou na Comisión informativa que lles parecía ben o que pedían. Que nunca houbo no Concello de Muros un plan de mantemento e que o vai haber. Que se está a traballar nel, desde hai tempo.

Que comentaban tamén na Comisión informativa que hai certas dificultades como saber con que persoal se conta. Que o persoal de reforzo do verán varía dun ano a outro. Que tamén hai imprevistos e eventos que xorden e que tamén requiren de recursos persoais e materiais do Concello. Que por iso o Plan ten que recoller a posibilidade de que aparezan imprevistos.

Con respecto ao palco de Tal, que pensan que é perigoso e dubidan de que poida ser recuperado e rehabilitado. Que descoñecen que estea sendo utilizado e que pensan que o mellor é retiralo aínda que son os técnicos/as /as que teñen que dicir se pode ser rehabilitado ou non, no caso de que a xente de Tal o demande porque senón sacarse e punto.

Sobre a praza, que tamén necesita ser arranxada.

En relación aos aparcadoiros, que hai sitios onde non hai máis espazo público, polo que se tería que recorrer a comprar ou alugar algún terreo particular. Que no caso de Esteiro, non hai sitio xunto á praia pero que si que hai en varias rúas e estradas da parroquia, que quedan relativamente próximo.

En relación ao plan vial, que agora mesmo é moi difícil buscar unha alternativa con dobre vía polas características das estradas de Louro a Campo de Cortes ou a que vai por Ventín e Taxes, pois son demasiado estreitas e con demasiadas curvas como para asumir toda a densidade de tráfico que pode haber no verán, e dobre sentido. Que o que se intentará e buscar unha solución intermedia, nun sentido por un lado e noutro sentido polo outro lado, ou algo así.

En definitiva que non comparten a exposición de motivos porque non é certo que non se estea facendo nada. Que se está facendo todo o que se pode cos recursos que teñen. Que os problemas que hai coa recollida de lixo, por exemplo, que non son problemas específicos do Concello de Muros, senón de toda a Mancomunidade. Que agora hai problemas coa recollida de aparellos eléctricos e que a Mancomunidade vai contratar unha empresa que os recolla. Que lles parece importante insistir e volver a facer campaña informativa entre a cidadanía, dos distintos puntos de recollida, dos distintos tipos de residuos e da mellor maneira de facelo.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Votación: Unanimidade.

Acordo:

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

-Que se proceda á retirada do palco de cemento da praza da igrexa de Tal, e se acondicione o espazo para goce da veciñanza e visitantes.

-Que por parte do goberno municipal se presente no próximo Pleno unha planificación de limpeza de espazos verdes e praias, que teña en conta todas parroquias do concello, sinalando actuacións previstas, recursos a empregar, periodicidade das actuacións, e persoal asignado.

-Que se habiliten e sinalen aparcamentos alternativos nas zonas de máis afluencia de usuarios e usuarias e visitantes, pero especialmente nas zonas de praia de Esteiro (Prameán), Tal (Cabanás), Abelleira (Ventín), Muros, e Louro (San Francisco e Ancoradoiro).

-Que se elabore un plan vial con trazados alternativos para os días máis conflictivos do verán.

4.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (Ref. 02/2016).

A Sra. alcaldesa explica que se trata dunha relación de facturas que teñen que ser aprobadas para poder pagar e suman un total de 116.159,47 €. Que son facturas de varios tipos que non puideron ser aprobadas no seu momento e agora teñen que aprobarse como recoñecemento extraxudicial.

A Sra. Monteagudo di que neste exercicio é a segunda vez que se recorre a este mecanismo excepcional. Que as facturas corresponden a esta lexislatura e que o importe é bastante superior ao da última vez. Que parece que o recoñecemento extraxudicial de crédito se esta convertendo nun mecanismo habitual cando é un mecanismo excepcional. Que chama a atención que a maioría das facturas sexan de *Gas Natural Fenosa*. Que na Comisión preguntaron por varias facturas e que se lle comentou que non se renovara un convenio coa *Voz de Galicia* e pregunta se se renovou coa *Televisión da Mancomunidade do Salnés*.

A Sra. alcaldesa di que todas esas facturas se corresponden con convenios que tiña o anterior goberno municipal. Que o actual goberno non fixo ningún convenio con ningún medio de comunicación, polo de agora.

A Sra. González di que non teñen moi claro por qué esas facturas se levan a aprobación como recoñecemento extraxudicial de crédito, que como ben di a voceira popular, é un procedemento extraordinario e pide explicacións ao concelleiro de Facenda.

Que a maioría son de *Gas Natural Fenosa*, que na Comisión o concelleiro comentara que non estaban contabilizadas por un problema coa Sra. interventora. Que lle gustaría oír que a Sra. interventora vén todos os días a traballar ao Concello. Que cre que o problema é que a Sra. interventora non traballa no Concello. Que despois de revisar os decretos e as Xuntas de Goberno non saben onde se outorgou un permiso especial para que a Sra. interventora traballe desde a casa. Que a alcaldesa mentiu cando dixo que traballaba todos os días. Que mesmo escoitara a uns funcionarios queixarse porque lle controlan o seu horario e a Sra. interventora non ten horario. Que lle dá igual que traballe desde a casa pero lle preocupa a situación contable que se está creando. Pregunta ao concelleiro de Facenda se un dos motivos é que a interventora non estea traballando fisicamente no Concello.

Continúa dicindo que o orzamento non está listo e que cre que agora mesmo hai unha lea contable no Concello, e que van coñecer toda a veciñanza cando, por desgraza, xa non haxa remedio.

Que se levan a recoñecemento extraxudicial de crédito un montón de facturas do 2015 dicindo que o motivo foi que non se puideron fiscalizar. Que hai facturas de todos os meses de 2015, desde primeiros ao final do ano. Que os ADOS, que é o documento polo que ordena o pagamento, son todos de maio de 2016.

Que casualmente o concelleiro de Facenda dita decretos de aprobación doutras facturas de *Unión Fenosa*, que non ve a diferenza, por qué unhas se aproban por recoñecemento extraxudicial de crédito e outras por decreto. Que nunha documentación que mandaron para outra cousa viron que a partida de consumo eléctrico está esgotada desde o segundo trimestre de 2015. Que se ve que estiveron agochando todas as facturas da luz. Pide ao concelleiro que lle explique en que resolución está o permiso da interventora. Cal é a diferenza entre unhas facturas e outras.

Di que leu na prensa que neste Concello hai máis transparencia que nunca. Que ela pediu o permiso de Portos para as festas de San Pedro e que aínda non se lle entregou. Que agora encontran entre as facturas unha multa de Portos. Tamén pide explicacións.

O Sr. García, do BNG, manifesta que está de acordo cos outros grupos en que o recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento excepcional e que teme que non sexa a última vez que se recorra a este procedemento. Que estando a mediados do ano non hai orzamentos polo que entenden que isto vai pasar en máis ocasións.

Que as dúbidas que tiñan sobre algunhas facturas xa foron comentadas na Comisión informativa, na que estaba presente a interventora.

A voceira popular, a Sra. Monteagudo, reitera o dito na primeira intervención e que é verdade o que di a voceira socialista, que as datas das facturas inducen a certa confusión porque efectivamente hai un lote de facturas de *Gas Natural* aprobadas polo procedemento ordinario, en datas incluso anteriores a outras que aparecen no recoñecemento extraxudicial de crédito.

A Sra. González engade que no informe da interventora di que de seguir así terá que facer un reparo e quere saber se está feito. Anuncia o seu voto en contra se non lle dan unha explicación que lle convenza. Que desa maneira vai ser imposible facer uns orzamentos. Que cre que se están facendo cousas que non se poden facer. Que non entenden por qué facturas das mesmas datas que outras se pagan con cargo a Tesourería. Que espera unha explicación.

O concelleiro de Facenda, o Sr. Uhía, explica que no orzamento hai unha partida destinada a electricidade, iluminación pública, etc. Que o que se fixo foi asignar ao orzamento do 2015 todas as facturas posibles. Que a diferenza é o tempo que o traballador, non a interventora, lle dedica a fiscalizar esas facturas. Que a interventora se incorporou en marzo e antes houbo un interventor accidental que tamén facía outras cousas. Que se intentou esgotar as partidas e pagar facturas con cargo ao orzamento de 2015 e as que non se puido, aprobalas por recoñecemento extraxudicial de crédito.

A Sra. González interrompe para dicir que é mentira, e a Sra. alcaldesa advírtelle de que esgotou a súa quenda de palabra.

A Sra. alcaldesa explica que nunca dixo que a Sra. interventora estivera vindo todos os días, que dixo que vén todos os días que é necesaria. Que cando se incorporaron ao Goberno a interventora estaba cun permiso e había un interventor accidental. Que ese feito xunto co que se atoparon provocou que houbera moito retraso no tema de Intervención.

Que a voceira socialista comentara na Comisión informativa que eles deixaran todo ao día e que se fora así non había que aprobar agora facturas de xaneiro de 2015. Que non é a primeira vez que a voceira socialista intenta alarmar á cidadanía e que volve a facelo dicindo que hai unha situación moi perigosa na contabilidade e que é todo o contrario que están arranxando o que encontraron.

Explica sobre o permiso de Portos que tiveron permiso expreso do presidente para facer a festa de San Pedro. Que a sanción é por ocupación indebida do aparcamento do espigón. Que a recorreron porque se ocupou igual que sempre e igual que no Carme e Portos ten o seu propio persoal para controlar e eles fixeron exactamente o mesmo de sempre. Que o permiso se pediu con pouca antelación xa que entraron no goberno o 13 de xuño e o goberno anterior non o tiña solicitado e faltaban 14 días para a celebración da festa.

(Á pregunta insistente da Sra. González de onde está o permiso, a Sra. alcaldesa advírtea por primeira vez e pide que non interrompa).

Continúa reiterando que a festa se fixo co permiso do presidente de Portos e que a sanción foi recorrida e non teñen resposta a ese recurso. Que lle parece moi curioso que a Sra. González, que foi alcaldesa e sabe como é o tema dos permisos de Portos e sabendo que se marchou do Concello sen pedir o permiso, cando faltaban quince días, que estea continuamente dando a lata con algo que sabe perfectamente como é.

En relación ás facturas, que a interventora se incorporou en marzo e que se está recuperando todo o traballo atrasado. Que este recoñecemento extraxudicial é unha proba diso.

Que encontraron todo o departamento de Intervención, Tesourería e Persoal con moi pouco persoal. Sen interventora e sen tesoureira. Que agora hai interventora e a praza de Tesourería se cubrirá do xeito que lle permita a lei e mentres se está recuperando o traballo atrasado como se pode.

Votación: 5 votos a favor (3 CxG e 2 BNG), 4 votos en contra do PSdeG-PSOE e 4 abstencións do PP.

Acordo: O Pleno da Corporación aproba os gastos indicados na relación, que corresponden a servizos prestados en exercicios anteriores, recoñecendo as débedas, con cargo ás correspondentes partidas do Orzamento do exercicio, que ascenden a un total de 116.159,47 €

Núm. de Entrada	Data	Núm. de Documento	Importe Total	Terceiro	Nome
F/2015/682	31/03/2015	3972	1.815,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.
F/2015/1097	26/05/2015	64	807,24	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE S.I.E B.
F/2015/1247	19/05/2015	03/,2015	242,00	B15569353	ARKAIOS S.L.
F/2015/1311	03/07/2015	FE15321176649322	168,34	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1328	04/07/2015	FE15321177424539	267,34	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1331	04/07/2015	FE15321176517166	667,68	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1341	04/07/2015	FE15321177279095	479,35	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1347	06/07/2015	6391	871,20	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA S.L.
F/2015/1359	09/07/2015	1150610235237	31,28	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1477	06/08/2015	MR 4035	480,79	B15026693	ESPINA E DELFIN S.L.
F/2015/1479	07/08/2015	1150611616682	68,87	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1499	07/08/2015	1150710087126	196,14	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1500	07/08/2015	1150710086066	91,50	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1501	07/08/2015	1150710102563	210,99	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1502	07/08/2015	1150711218155	50,38	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1503	07/08/2015	1150710122599	101,12	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1504	07/08/2015	1150711299464	49,16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1505	07/08/2015	1150711212265	69,02	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1506	07/08/2015	1150711414542	8,22	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1507	07/08/2015	1150711302288	106,24	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1508	07/08/2015	1150711305554	6,99	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1509	07/08/2015	1150711404588	11,33	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1511	07/08/2015	1150711364662	41,94	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1512	07/08/2015	1150711362081	40,23	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1513	07/08/2015	1150711394450	51,86	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1515	07/08/2015	1150710137838	86,96	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1516	07/08/2015	1150711327424	28,85	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1518	07/08/2015	1150710068818	122,84	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1519	07/08/2015	1150710137837	97,62	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1520	07/08/2015	1150711171185	131,24	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1521	07/08/2015	1150710541816	446,32	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1522	07/08/2015	1150711318510	21,43	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.

F/2015/1523	07/08/2015 1150711328947	208,31 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1524	07/08/2015 1150711336315	125,07 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1525	07/08/2015 1150711410298	98,52 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1526	07/08/2015 1150711337670	70,45 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1527	07/08/2015 1150711334955	13,55 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1528	07/08/2015 1150711343445	33,24 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1529	07/08/2015 1150711403911	11,27 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1530	07/08/2015 1150711420291	78,18 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1531	07/08/2015 1150711405372	80,77 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1560	10/07/2015 A/1505378	169,46 B70047725 PROQUIBER
F/2015/1574	20/07/2015 08/,2015	242,00 B15569353 ARKAIOS S.L.
F/2015/1630	10/08/2015 898	221,65 B15489131 ALQUILERES RENEYMAR, S.L.
F/2015/1685	15/08/2015 FE15321179155119	51,32 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1686	15/08/2015 FE15321179435116	47,08 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1688	15/08/2015 FE15321179229662	380,40 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1689	15/08/2015 FE15321179229661	261,21 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1691	15/08/2015 FE15321178788794	1.453,36 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1692	15/08/2015 FE15321179229660	234,93 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1693	15/08/2015 FE15321177983457	218,04 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1694	15/08/2015 FE15321177546365	311,82 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1697	15/08/2015 FE15321177546382	63,62 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1698	15/08/2015 FE15321177546374	582,63 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1699	15/08/2015 FE15321177546373	577,80 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1700	15/08/2015 FE15321177546376	2.768,14 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1701	15/08/2015 FE15321177546375	64,99 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1702	16/08/2015 FE15321178752499	475,35 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1704	16/08/2015 FE15321177546381	463,61 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1705	16/08/2015 FE15321177546380	327,50 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1706	16/08/2015 FE15321177546372	650,63 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1707	16/08/2015 FE15321177546385	331,42 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1768	14/08/2015 A/1506670	67,43 B70047725 PROQUIBER
F/2015/1794	27/08/2015 FE15321177546364	1.776,46 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1796	27/08/2015 FE15321177546366	950,56 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1797	27/08/2015 FE15321177546368	577,88 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1799	27/08/2015 FE15321177546369	394,08 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1800	27/08/2015 FE15321177546370	644,31 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1802	27/08/2015 FE15321177615385	1.314,77 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1803	27/08/2015 FE15321177615086	732,24 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.

F/2015/1804	27/08/2015 FE15321177546724	217,80 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1816	27/08/2015 2015/,1960	51,76 B15494230 AFICON SEGURIDAD Y CONTRAINCENDIOS SL
F/2015/1829	10/08/2015 F00 2915	89,64 B15111941 PROINDEX SL
F/2015/1935	02/09/2015 15014139	1.588,13 B28205904 BUREAU VERITAS IBERIA SL
F/2015/1951	14/09/2015 FE15321181206254	206,06 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1952	14/09/2015 FE15321181765408	69,67 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1953	14/09/2015 FE15321181765407	55,21 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1958	15/09/2015 FE15321180439226	595,78 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1960	15/09/2015 CT 355.00	4.768,50 A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
F/2015/1961	16/09/2015 FE15321179621657	162,02 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1963	16/09/2015 FE15321179622278	301,10 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1965	16/09/2015 FE15321179622275	748,48 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1966	16/09/2015 FE15321179622273	1.608,70 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1967	16/09/2015 FE15321179622277	54,30 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1970	16/09/2015 FE15321179622279	540,81 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1971	16/09/2015 FE15321179622283	547,74 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1973	16/09/2015 FE15321179622290	148,65 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1974	16/09/2015 FE15321179703094	12,48 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1975	16/09/2015 FE15321179804457	225,30 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1977	16/09/2015 FE15321181765405	243,04 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1979	31/08/2015 A/16	110,00 32197051H MANUEL FERRIN SUÁREZ
F/2015/1983	16/09/2015 FE15321179622289	665,89 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1984	16/09/2015 FE15321179622274	247,01 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1985	16/09/2015 FE15321179622281	635,33 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1986	16/09/2015 FE15321179622282	418,70 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1987	16/09/2015 FE15321180163946	984,48 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1989	16/09/2015 FE15321181333259	2.043,90 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1990	16/09/2015 FE15321180161397	831,89 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1991	16/09/2015 FE15321180899539	176,10 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1992	17/09/2015 FE15321181594466	61,90 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1993	17/09/2015 FE15321181511343	447,03 A08431090 GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
F/2015/1998	17/09/2015 1150711644578	30,36 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/1999	17/09/2015 1150711562774	57,78 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/2000	18/09/2015 1150711661035	443,93 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/2001	18/09/2015 1150711655852	160,88 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
F/2015/2002	18/09/2015 1150810111745	328,49 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.
-Sobre a factura de PEKECHA, que o gasto é con cargo a unha subvención concedida ao goberno anterior para a elaboración dunha páxina web de turismo. Que a páxina web está elaborada. Que probe a entrar con murosturismo.gal ou turismomuros.gal que non sabe moi ben cal delas é.

-Sobre a declaración de servizos básicos e imprescindibles, que non é ningunha escusa, que realmente son servizos básicos e imprescindibles e que é motivo para necesitar persoal para facer fronte á limpeza de camiños, reparacións e poder atender ás necesidades da cidadanía.

-Á pregunta sobre o Espadanal, contesta o Sr. Quintela, que a estación de bombeo que está sinalizada coa cinta de Protección Civil, se lle picou unha das tubaxes, e ademais ten válvulas mal polo que non bombeaba ben. Que se arranxou provisionalmente pois houbo que encargar varias válvulas e están pendentes de meter estas válvulas novas. Que se o vertido ao que se refire a voceira popular é por ese punto, que está solucionado.

A voceira popular aclara que é na entrada da praia.

O Sr. Quintela explica que o problema que hai no bombeo de San Francisco que non é a estación de bombeo en si, que ten dúas cavidades, unha para residuais e outra para pluviais, que hai unha gran cantidade de pluviais que acaban no propio bombeo e cando chove moito verte por fóra.

Despois de dicir a voceira popular que leva moitos días vertendo e a pesar de que non choveu a Sra. alcaldesa conclúe que hai que ir mirar.

O Sr. Quintela segue explicando que ese bombeo funciona bastante ben, que ten unha serie de alarmas e que avisa directamente ao GES e ao xefe da brigada de obras. Que o bombeo principal é o de San Francisco, que vai directamente á depuradora.

Continúa a Sra. alcaldesa:

-Con respecto ás demandas dos/as traballadores/as da limpeza, que despois da reorganización houbo catro demandas, que con algunhas se chegou a unha conciliación e con outras se celebrou un xuízo. Que no último xuízo, o traballador non aceptou unha conciliación e o tribunal determinou que lle había que compensar 160 € por gastos de desprazamento deses 15 días e que en calquera caso que o hai que revisar pois durante o tempo que estiveron noutro lugar esa persoa estivo de baixa polo que non todos os días fixo o desprazamento.

Explica que catro persoas puxeron demanda mentres outras oito persoas non e non tiveron ningún problema e reitera que o motivo da reorganización é mellorar a eficiencia da limpeza dos edificios públicos. Que é un tema no que seguen traballando. Que segue existindo razóns e a necesidade de mellorar e igualar as condicións dos/as traballadores/as e de mellorar o servizo.

Que é unha obriga do goberno que os servizos funcionen de xeito eficaz e eficiente polo que insistirán e seguirán a traballar nese tema.

-Sobre se van a participar nas subvencións para mercados e eficiencia enerxética, que están valorando. Que no caso concreto do mercado, intentar aproveitar esta subvención para facer arranxos, que xa son necesarios facer no edificio do mercado e ver a posibilidade de aproveitar as instalacións do mercado para utilizalas como unha especie de viveiro comercial. E que mantendo a prioridade dos postos da praza de abastos que están estudando a posibilidade

de aproveitar os que estean baleiros para persoas emprendedoras que poidan probar a viabilidade do seu negocio e facerse cunha clientela. Que se é necesario habería que modificar a ordenanza e o regulamento para abrir tamén algún posto de artesanía.

Sobre a eficiencia enerxética que o concelleiro de Obras está valorando distintas posibilidades.

Que en principio a idea é de solicitar as dúas subvencións.

-Sobre a limpeza na parroquia de Serres, que si se vai limpar ao igual que as demais parroquias.

-En relación ás reclamacións de responsabilidade patrimonial, que non detectaron ningún motivo especial pero que o mirarán.

-Que na mellora dos bombeos é algo no que o concelleiro de Obras está traballando case cada día, que é unha prioridade.

O Sr. Quintela di que están buscando un medio de financiación para poder acometer melloras (a voceira popular di que o Plan Provincial é un medio de financiación), que dependendo das bases do Plan, que meterán todo o que poidan. Que tamén se falara de aproveitar estes cartos para a substitución dos camións de recollida de lixo.

-A Sra. alcaldesa explica que con respecto do recordatorio á poboación que xa comentaba antes que parece oportuno e necesario facer un recordatorio de cales son os puntos de recollida dos distintos tipos de residuos e cal é a mellor maneira de facelo.

A Sra. Fernández, do grupo socialista dá comezo á rolda de preguntas do seu grupo:

-Que facendo alusión ás mentiras do goberno, que no Pleno de marzo preguntou pola poda do Cachón, que cando ían recollela e que a Sra. alcaldesa contestou que había unha empresa contratada para cortar e recoller e non obstante que houbo unha empresa recollendo uns días e logo foi outra e pregunta a que foi debido.

-Que en referencia á limpeza da parroquia de Serres, que non hai por onde andar, que hai algúns camiños que non se pode nin pasar.

-Roga aos tres membros do goberno que vaian ao colexio de Valdexería porque é unha selva.

Continúa coas preguntas do grupo socialista a súa voceira, a Sra. González:

-Sobre o punto número 6, que di que todos os anos a petición do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, é o mesmo. Que ela non cre que sexa o mesmo e que de feito non é o mesmo. Que no decreto da Alcaldía 225/2016 di *"Formado plan orzamentaria a medio prazo deste Concello..."*, que non saben que é ese plan orzamentario (que a Sra. alcaldesa fala de transparencia pero na punta da lingua nada máis). Que tamén hai un informe da interventora que fala dese plan orzamentario, pero que non saben porque non teñen copia, que o único que teñen son os xeroglíficos que lle ensinou a representante do Partido Popular. Pregunta cal é o plan orzamentario ese que teñen a medio prazo.

-Sobre o decreto 218, o Sr. Concelleiro de Facenda di que a reparación e acondicionamento da cuberta da piscina, que se aproba o pagamento de 93.500,00 €. Que non saben se corresponde a toda obra ou a parte, se está incluído o proxecto, xa que se fixo unha modificación. Queren saber se está incluído o proxecto e canto custou. Di que non viron a factura por ningún lado e pregunta se está no mesmo caixón que acostumaban a telas no goberno cando a Sra. alcaldesa estivo con Domingos Dosil.

-Sobre a Xunta de Goberno Local do 8 de abril de 2016, que lle chamou moito a atención unha licenza de obras que se lle deu a un particular para facer unha obra nova, unha vivenda e que entre as condicións que se lle pon : *"Durante a execución e para o recoñecemento e autorización da súa continuación a propiedade ou técnico/a director/a da obra*

comunicarse con Concello nas seguintes fases : 1º Ao rematar a colocación das armaduras de cimentación e arranque da estrutura vertical. 2º Ao rematar a colocación das armaduras da estrutura da planta baixa para comprobar as rasantes. 3º Ao rematar a colocación das armaduras ou elementos portantes da cuberta.” Que é a primeira licenza do Concello de Muros que se dá así. Pregunta se ten coñecemento de que haxa algunha outra licenza indo cada dous por tres á obra. Pregunta por qué esa obra en concreto.

-Sobre a Xunta de Goberno Local do 6 de maio de 2016, no punto número 5, “*Modificación do proxecto: Mellora do acceso aos agros do Laranxal en San Xíán. Parroquia de Torea*”. Pregunta polo proxecto. Se o trouxeron algunha vez ao Pleno. Pide que explique en que consiste a mellora do proxecto.

-Sobre a Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2016, en pequeniño e ao final de todo hai: “*Comunicacións oficiais: Dáse conta da notificación da Dirección Xeral de Administración Local, do inicio de procedemento do reintegro da subvención pagada para o proxecto denominado “Mellora das infraestruturas hidráulicas no lugar de Ventín (Louro)”*”, que é unha obra da época do Partido Popular e do BNG e que son trescentos e pico mil euros, entre o principal e os intereses. Que o vai devolver este goberno e o partido socialista tiñan arranxado coa empresa. Que non sabe qué pasou e agora se encontran con que están outra vez reclamando iso. Que é certo que xa llo reclamaran a eles e que chegaran a un acordo cos directores de obra e que tamén é certo que había algún técnico que non estaba de acordo co acordo acadado. Que cando marcharon faltaba asinar o acordo e que lles sorprende que a actual goberno foran capaces de acabar ese acordo e teña o Concello que pagar por culpa da súa incompetencia.

-Pregunta cando lle van dar o permiso de Portos para as festas de San Pedro.

- Pregunta por qué non funcionan os colectores soterrados. Que xa levan un ano colocados.

-Pregunta por qué chove na piscina. (Que cren que o grupo de goberno quer que chova na piscina xa que desde que eles entraron aínda non deixou de chover).

-Pregunta cando lle van entregar os horarios da Policía Local. Que lles interesa saber cando traballa a Policía Local de noite porque os danos que se fan de noite, non teñen forma no Concello de estar informados a menos que chamen especificamente á Garda Civil porque á Policía Local a Sra. alcaldesa mandounos a durmir de noite.

Tamén quere saber se no soldo da Policía Local está o complemento de nocturnidade.

-Sobre a sanción de Portos, que a Sra. alcaldesa lles explicou de que era. E roga que faga o favor de levarse ben con Portos xa que o Concello de Muros nunca tivo ningún problema con Portos e desde que chegou a Sra. alcaldesa, todos son problemas (non se poden facer as festas, póñenlle unha sanción...) Que algún problema ten que ter a Sra. alcaldesa con Portos pero que ten que ser a título persoal e róganlle que o pobo de Muros non teña que asumir ese *mal rolo* da Sra. alcaldesa con Portos.

-Que lle pediron o informe da interventora polo pagamento das provisións de fondos que presentou Henrique con H. Que queren ese informe que tampouco lles entregou.

-Sobre o conflito cos/coas traballadores/as da limpeza (que a Sra. alcaldesa dixo mentira ou media verdade), que arranxaron nunha conciliación e que non é verdade, que foron todos e todas ao Xulgado do Social. E que tampouco é verdade que teñan que pagar 168 €. Que teñen que pagar 168 € máis os intereses procesais legais, máis gastos de asistencia de letrado. Que ou mentiu ou se esqueceu da metade da sentenza. Pregunta a canto vai saír cada traballador polo capricho da Sra. alcaldesa de andar movendo a xente porque a ela lle parece.

-Que ten unha orde de embargo no Concello, de momento porque vai ter máis. Pregunta se pensa pagar ou lle van embargar. Que é a primeira vez na historia do Concello.

-Pregunta pola resolución en virtude da cal a interventora non vén a traballar todos os días.

-Que cando chegaron eles ao goberno, cando marchou a Sra. alcaldesa e Domingos Dosil (ela antes porque a botaron), non había nada feito das festas de San Pedro. Pregunta se agora hai algo feito e con cargo a que orzamento. Que supoñen que ao prorrogado. Que se se vai encargar o Concello de facer as festas ou se está falando cos señores dos *chiringuitos* que montan no recheo, co do *saltamontes* en concreto.

-Que non saben nada de cómo está o tema de Espina&Delfín. Que saben que presentou un recurso de reposición no Concello e non saben se se contestou. Que o que si saben é que imos acabar no Xulgado por culpa da Sra. alcaldesa, porque non lle avisou no prazo que poñía o contrato. Que queren saber como está o tema e se lle fixo algún requirimento de pagamento novo con respecto á débeda que consta no Concello (Que ela entregou parte da documentación que tiña porque no Concello non a encontraban ou a perderan).

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Sobre a recollida da poda do Pozo do Cachón que non houbo ningún cambio de empresa. Que eses traballos se lle adjudicaron a unha empresa que foi a que fixo todo. E que esa mesma empresa vai ir cortar a herba do Cachón.

-Sobre a limpeza de Serres, que xa o comentou antes e en canto ao colexio de Valdexería que pasarán por alí.

A Sra. alcaldesa di que vai contestar ás preguntas da Sra. González e esta di que son do grupo socialista.

-Sobre a dación de conta ao Ministerio e o Plan orzamentario a Sra. alcaldesa dálle a palabra ao concelleiro Sr. Uhía que explica que tanto no ano 2015 e 2016 se pide que se faga unha estimación de cómo estaría o orzamento do 2017 ao 2019, que no 2015 non se presentara e por iso se dá conta da súa presentación.

A Sra. González pregunta se non se lle vai dar copia diso que están facendo e a Sra. Monteagudo dille que xa era a documentación que lle deran.

A Sra. alcaldesa advirte á Sra. González que xa rematou a súa quenda e pídelle ao Sr. Uhía que conteste el tamén á seguinte pregunta.

-Sobre o decreto 218, o Sr. Uhía explica que se considera unha xeración de crédito novo con respecto ao que había no 2015 e que se traslada o dereito do que había no 2015 ao 2016 porque o proxecto non está terminado e aínda non se pagou. Que xa que hai unha asignación xerada no 2015, que se traslada ao 2016.

Pregunta a Sra. González polo proxecto e a Sra. alcaldesa di que simplemente é a xeración de crédito e o Sr. Uhía aclara que é unha xeración de crédito reservando os cartos para pagar o proxecto.

-Sobre a licenza de obra incluída na XGL do 8 de abril, na que se pon a condición de levar un control desde o Concello, a Sra. alcaldesa di que non sabe se é a primeira vez ou non que se fai así pero que o comentaron co técnico e que é algo que está recollido no PXOM de Muros, e que a Sra. González coñece ou debería de coñecer xa que foi alcaldesa varios anos. Que non hai nada raro nin irregular na concesión desa licenza.

-Con respecto ao proxecto do "Laranxal", que xa se comentou ese proxecto no Pleno e que é unha subvención da Consellería de Medio Rural, e pídelle ao concelleiro de Obras que volva a comentalo.

O Sr. Quintela explica que é unha convocatoria de Medio Rural dedicada á mellora de camiños que dan servizo a explotacións agropecuarias. Que se fixo unha análise de viarios que se podían acometer con cargo a esta subvención e decidiuse facer na parroquia de Torea, que é a baixada desde a igrexa ata o río.

Pregunta a Sra. González se a ponte tamén está incluída no proxecto.

O Sr. Quintela di que formula acondicionar o que hai que non dá para facer nada novo.

-En relación á reclamación de devolución dunha subvención de máis de trescentos mil euros, a Sra. alcaldesa dille á voceira socialista que como vén sendo habitual mestura todo e supón que intencionadamente.

Interrompe a Sra. González e advírtea por segunda vez.

Continúa a Sra. alcaldesa explicando que unha cousa é o que reclama o Ministerio de Facenda a través da Xunta de Galicia e que outra cousa é o trato ou conversas que puidera ter a Sra. González coa empresa que fixo a obra. Que por certo a empresa está desaparecida.

Que efectivamente foi unha obra que empezou no mandato BNG-PP, que se estaba executando cando ela saíra do goberno e que é unha obra que tivo problemas. Que o Sr. Dosil parara a obra porque non se estaba executando correctamente, de acordo co proxecto. Que tivo a precaución de paralizala. Que a partir da entrada do novo goberno que presidía a Sra. González, houbo distintas cuestións e que unha parte está no Xulgado.

Continúa dicindo que hai un acredor da empresa que desapareceu, que reclama os cartos dunha certificación, por un lado e por outro está o Ministerio reclamando o importe da subvención porque considera que non se cumpriu o obxectivo da dita subvención.

Que son cousas distintas e que hai pouco que chegou esa reclamación do Ministerio, dos douscentos e pico mil euros, do que o actual goberno non tiña nin idea.

-Sobre que chove na piscina, que non ten constancia e o Sr. Uhía di que están rematando a obra e que hai algunhas zonas nas que aínda filtra pero que aínda non se rematou a obra. Que falou co representante da empresa "La Florida" e que lle comentou que en canto se pechara todo que se ía a rematar. Pero que hai pingueiras nalgúns zonas e que a empresa segue alí traballando.

-Sobre o horario da Policía Local, que está cumprindo o convenio e que están facendo máis noites das que terían a obriga de facer. Que hai boa comunicación con eles e boa colaboración da súa parte.

Sobre os danos de noite, que agora hai máis control e máis vixilancia nocturna porque co anterior goberno socialista, que tiña un axente só de noite e incluso ás veces un auxiliar de policía só, que incluso é ilegal e que non vale para nada xa que non podían saír do despacho. Que daquela era cando realmente estabamos desprotexidos. Que agora non hai garda todas as noites pero cando hai gardas que están dous axentes e patrullan por todo o Concello.

En relación aos soldos, que cobran o que lle corresponde. Que está fiscalizado por Intervención e non hai ningún problema. Que cobran o que lle corresponde por convenio e polo que marca a lei.

-Sobre a orde de embargo, que lle alegra que o pregunte.

Di que non hai ningunha orde de embargo, que hai un requirimento para que se paguen unhas facturas e que de non pagalas embargarían as contas. Pero que non hai ningunha conta embargada.

Explica que esas facturas son do asesor xurídico que tiña o anterior goberno do grupo socialista.

A Sra. González di que é dos preitos e a Sra. alcaldesa advírtea por terceira vez polo que lle pide que abandone o salón de plenos.

Abandonan o Pleno os catro concelleiros e concelleiras do PSdeG-PSOE.

Continúa explicando que o asesor xurídico que había no Concello presentou unha serie de facturas, unhas dez aproximadamente, por representación do Concello en diversos procesos xudiciais. Todas sumaban un importe superior aos vinte mil euros. Que como lles pareceu excesivo lle pediron explicacións e decidiu reclamarlas pola vía xudicial e agora están chegando as sentenzas desas reclamacións, xa que reclama cada factura nun proceso xudicial.

Que chegaron catro resolucións nas que en tres delas rebaixaron considerablemente a contía que había que pagarlle ao asesor xurídico o que confirma que era excesivo o importe desas facturas. Que está a falar dunha media de mil euros por proceso. En tres facturas, tres mil euros aproximadamente que ía cobrar de máis. En relación á cuarta factura, que lle confirmaron o importe que pasaba. E que quedan outras seis facturas, aproximadamente, por que chegue a resolución sobre elas.

Di que o que lle parece especialmente grave é que unha concelleira desta corporación sexa cómplice na reclamación destas facturas (agora por sentenza xudicial, excesivas no seu importe), actuando como procuradora nesas reclamacións contra o Concello. Que lle parece grave que ademais de haber un asesor que pretenda cobrar de xeito excesivo, haxa unha concelleira que sexa cómplice.

Aclara que non hai ningunha conta embargada no Concello, que hai un aviso de que o Concello ten un prazo para pagar esas facturas e en caso contrario que se embargarán as contas.

Que están acostumados a que a voceira socialista alarme á cidadanía e non quixo perder a ocasión dicindo que estaban as contas do Concello embargadas, cando no é certo.

-Sobre as festas de San Pedro, que si que hai moito feito. Que hai permisos solicitados, actuacións contratadas e orzamentos pedidos de fogos, iluminación, etc.

-En relación a Espina&Delfín, o Sr. Uhía di que a documentación que se requirira, o encargado lle comunicou que se ía entregar mañá.

A Sra. alcaldesa explica que se intentou contabilizar cal é a débeda do canon que a empresa lle debe ao Concello porque desde Intervención lle trasladaron que non tiñan información suficiente e requiriron á empresa que aportara esa información. As contas de explotación e a documentación para poder calcular con exactitude cal é a cantidade en concepto de canon e que como comentaba o concelleiro de Facenda lle van entregar mañá.

Que non tendo esas contas é moi difícil calcular o canon polo que as cifras que baralla o grupo socialista, non saben se é correcta ou non.

Que a voceira socialista intenta tamén alarmar á cidadanía mesturando a prórroga do contrato co canon. Que son cousas distintas.

Que os únicos que opinan que a prórroga é tácita de cinco anos é o partido socialista e a propia Espina&Delfín mentres que os servizos xurídicos de Muros e de Carnota opinan que non hai lugar para tal prórroga tácita de cinco anos e o que está en vigor, na actualidade, é esa prórroga forzosa de seis meses que se lle comunicou á empresa.

Que non é certo que o Concello de Muros estea perdendo dous millóns de euros en concepto de canon, que hai que mirar a cantidade concreta que lle debe Espina&Delfín ao Concello de Muros e a partir de aí reclamala como é debido. Pero que se non tiñan esa información que lle gustaría saber como chegaron a esa cantidade que barallan no grupo socialista.

O voceiro do BNG, o Sr. García, di que por alusións a certos comentarios que fixo a portavoz socialista sobre eles quería contestarlle pero que xa que non está presente, decide deixalo para outro momento e dá paso ás preguntas:

-Se hai avances nas conversas con Movistar para dotar de ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea.

-Se se vai actuar na unitaria de Portugaleta para adecuar o contorno.

-Sobre a poda no Pozo do Cachón, que tamén comentaba a Sra. Fernández do partido socialista, que a poda foi retirada por unha empresa distinta. Se pode ser que a empresa contratada subcontratara a outra. Pregunta se saben algo. Que a empresa era *R.Lago*.

-Que seguen detectando moitas deficiencias nas podas e roces dos xardíns e nas zonas verdes do Concello. Que no paseo marítimo de Muros hai unhas palmeiras que necesitan intervención urxente, no piñeiral de San Francisco, no contorno da escola infantil de Esteiro ou no colexio de Louro, que hai puntas secas sen podar nas árbores. Que nomean estes tres espazos porque hai nenos e nenas por alí e que é importante que corran os menores riscos posibles, xa que as puntas secas das árbores sen podar poden caer e pode ocasionar algún dano no seu desprendemento.

Que no paseo de Esteiro hai árbores que están invadindo a nave de Plácido e tapan os farois que alumean ese tramo do paseo.

Pregunta se a empresa contratada para a poda rematou o seu traballo ou ten pendente esas zonas que observan desatendidas.

-Pregunta se se vai buscar solución para os vehículos que estacionan nas zonas do concello onde habitualmente se aparcaba enriba da beirarrúa, como por exemplo na Acea.

Se sería viable adquirir algún terreo nesa zona e habilitalo como aparcadoiro público.

-Se se vai instar desde o Concello de Muros á Xunta a restituír o persoal que se demanda no Centro Médico, como un/unha técnico/a de ecografía, un/unha inspector/a farmacéutico/a ou un/unha enfermeiro/a pediátrico/a.

-Que na prensa saíu que se van adquirir por este Concello desfibriladores e pregunta cantos e se se vai dispoñer deles nos centros de práctica deportiva. E se ademais do GES e Policía Local se vai formar ás directivas das asociacións deportivas no seu manexo.

-Que desde a sala Nasmó ata o cruce de Calvo non existe ningún punto para que os peóns crucen a estrada. Pregunta se se vai habilitar algún nese extenso tramo.

-Cales foron as modificacións na política de recollida de aparellos que está a provocar que se acumule lixo en numerosas zonas do Concello.

Se se ten pensado elaborar algunha campaña informativa e algunha outra medida para rematar con esa práctica.

-Se se interesou o Concello polas actuacións privadas na illa da Creba e se vai levar a cabo algunha iniciativa que restituía ao seu lexítimo propietario, o pobo de Muros, a titularidade da illa da Creba.

-Se, despois da polémica suscitada no Entroido co estado do palco municipal, están solucionados os problemas ante o inmediato comezo das distintas actividades estivais que precisan de palco para levarse a cabo.

-Rogan a actuación inmediata na fochanca na rotonda do Acoradoiro, pois o seu tamaño supón un grave risco para a integridade das persoas e vehículos que circulan pola rotonda.

-Que hai unhas semanas se desprendía parte do muro que hai arredor da rúa das Laxes e rogan a restitución deste muro para evitar que sigan os desprendementos que poidan causar graves danos a todas as persoas que todos os días pasan por alí.

Rogan tamén que se roce a horta que hai a carón do muro. Que teñen entendido que é de titularidade municipal e que hai anos que non se acondiciona.

-Rogan, por urxencia, o roce do parque infantil de Tal (Agrovello), que está tan a monte que non hai maneira de poder utilizalo.

A Sra. alcaldesa informa que esta semana se rozou ese parque e o Sr. García retira o rogo.

-En relación coa moción do PP e con moitas das preguntas que eles teñen presentado, que rogan que se elabore un plan xeral de mantemento que remate co caos de improvisación no mantemento de espazos públicos do noso municipio.

Contesta a Sra. alcaldesa:

-Con respecto ao ADSL en Torea e Abelleira, que seguen traballando no asunto. Que o concelleiro Sr. Uhía tiña unha reunión con *Vodafone* e que tamén faloron con algunha empresa de enxeñería.

A concelleira Sra. Simal pide intervir para dicir que en Abelleira *Vodafone* non ten cobertura.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo que aproveitan calquera contacto con calquera empresa para pedirlle que estuden qué pasa en Abelleira.

Que pediron a unha empresa que esta semana pasou polo Concello que mirara que pasaba en Torea e Abelleira con Internet e televisión e lle pediron que elaborara un orzamento para que eles estuden que pasa e cal sería a mellor solución.

O Sr. Uhía di que con *Vodafone* faloron de dúas propostas: unha instalar unha antena nova, que valoran en máis de cen mil euros ou instalar un amplificador de sinal que non puideron valorar. Que hai xente que está disposta a ceder un terreo para colocación de antenas. Que lle comentaron que non teñen, nesa zona, practicamente ningunha cobertura pero que valoraron o dito.

O Sr. García pide intervir e di que están falando de ADSL por cable que é o que ten que poñer Telefónica como obriga, e que as demais solucións poden ser mellores ou peores pero que se lle está sacando un dereito á veciñanza.

O Sr. Uhía contesta que *Vodafone* lle comentou que o único que fai Telefónica é pagar a cobertura universal.

Continúa a Sra. alcaldesa contestando ás preguntas:

-Que en relación á limpeza de xardíns, en Agrovello e outras, que se foi limpar esta semana. Que están limpando o persoal da brigada de obras e o GES nas zonas que poden actuar. Que as prioridades que lle deron á brigada son o bacheado e a limpeza de camiños e zonas verdes.

Que teñen o problema de que é pouco persoal e que xorden ademais outras necesidades que impiden que todos os traballadores da brigada de obras se dediquen a iso. Que houbo que pasarlle a ITV a todos os vehículos e houbo dúas persoas ocupadas nesa tarefa. Que houbo avarías en distintos pozos de bombeo. Que hai necesidades de mantemento nos colexios e nas instalacións públicas.

O concelleiro de Obras e Medio Ambiente, o Sr. Quintela, explica que o contrato que se adxudicou a unha empresa foi para poda e que nin sequera para todas as árbores que hai nas distintas zonas. Que por exemplo non incluíu os colexios. Que as palmeiras do paseo si que están e se non as tocaron que o teñen que facer. Que se a poda a recollen eles ou outros é unha cuestión da empresa que se contratou.

A Sra. alcaldesa explica que había zonas onde os plátanos levaban moitos anos sen ser podados, concretamente na parte do fondo do Cachón, e que incluso hai dous secos que está previsto cortalos. Tamén na zona do Artón, en Esteiro hai árbores que levan uns cinco anos sen podar. Que todo iso fixo que o volume de podas sobrepasara un pouco as previsións da empresa. Que queda algunha cousa pendente por facer do contratado, como as palmeiras e que tamén van cortar a herba do Cachón.

Que sobre o tratos que fixo a empresa contratado con outras empresas que non teñen constancia nin teñen constancia, polo de agora, de ningún sobrecusto.

-Sobre o persoal do centro médico, que falarán con eles para ver cales son os problemas concretos para poder pedirlo á Xunta desde o Concello. Pero non confía en que lle fagan caso porque xa teñen pedido ambulancias para que poidan ir a rehabilitación as persoas que se desprazan desde sitios diferentes a Muros e dixeron que non debido aos recortes.

A Sra. alcaldesa di que de todos xeitos si o pedirán.

-Sobre os *desa* comenta que falando co persoal do Concello e coa Policía Local ven que non hai ningún no Concello de Muros, e que despois de falar con Intervención para ver o gasto que podían asumir. Que de momento o que van facer é comprar un que vai estar a disposición do GES e dar un curso a membros do GES, Policía Local e as prazas que queden vacantes para membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que acrediten ter participado con regularidade en operativos de Protección Civil.

Que o 061 ten que ter constancia de que aquí hai un *desa*.

Que lle comentaron que o seu manexo é fácil pero que é necesario unha formación e para dalo de alta no 061 hai que enviarlle a titulación do persoal que o pode utilizar.

Que entenden que hai sitios (centros deportivos, institutos, etc.) que é importante que os haxa pois a práctica deportiva en Muros é enorme e no verán se triplica a poboación.

-Sobre as obras da Creba, que non Concello non hai constancia de ningunha solicitude e tampouco en Costas teñen constancia de ningunha obra na illa e desde Costas dixeron que ían mirar que esta pasando.

-Sobre o palco que están barallando dúas posibilidades: arranxar e homologar o que hai ou adquirir un novo.

-Sobre a fochanca do Acoradoiro que está para facer pronto pois xa teñen o orzamento.

-Sobre o muro da rúa das Laxes que hai que miralo, así como o roce da horta.

-Sobre os pasos de peóns que se puxeron en contacto con Estradas e que o máximo que conseguiron foi que puxeran sinais de perigo. Que o Concello non pode pintar e a desculpa que lle poñen en Estradas é que a zona non é suficientemente urbana.

-Sobre a recollida de aparellos, explica o concelleiro de Obras e Medio Ambiente que hai modificacións na lei que regula o tratamento dos residuos eléctricos e electrónicos e que hai que ter un vehículo preparado e adaptado. Que *Fomento* lle di á Mancomunidade que non dispón dese vehículo e por tanto non recolle ese tipo de residuos e require á Mancomunidade que lle aporte dito vehículo. Que hai algunha empresa que se ofreceu a recoller eses aparellos que que o Concello de Muros está pagando ese servizo á Mancomunidade e que entende que é esta a que ten que facer cargo. Que tamén a xente ten que tomar conciencia e que hai un punto. Que a adhesión ao convenio de FEGAMP é para dotar o Punto Limpo dunhas instalación para a recepción dos RAIS.

Antes de rematar o Pleno a concelleira do PP, a Sra. Uhía, comenta que despois de moitos anos sen actividade, que este ano empezaron “catro vellos”, de corenta anos, a reflotar o club de Remo e que este sábado clasificáronse, con moito esforzo e moi poucas axudas e roga que como entidade deportiva que é, se lle axude e se faga visible desde o Concello.

A Sra. alcaldesa di que está axudando xa a ese club pero que ao mellor non todo o que necesitan. Que hai no Concello dous clubs e o de Muros está facendo un gran esforzo. Que compraron unha traineríña.

A Sra. Uhía di que están pedindo colaboración ao pobo e que a traineiriña se vai chamar “Pobo de Muros” e queren expoñela en “Muros Mira ao Mar” con fotos de toda a xente que colaborou.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e dous minutos. Dou fe.